

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA VINTE E TRES DE NOVEMBRO DE 2010, CON CARÁCTER
ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e dez minutos do día vinte e tres de novembro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o nove de novembro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.741/10 de don Marcelino López Tato

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela con postes de formigón e zócalo de bloques , de aproximadamente 100 mts de lonxitude, no lugar de Canicoba- San Mamede de Ribadulla, en solo rústico de agrícola (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal por ser un vial nivel IV en solo rústico; garantirase o natural discorrer das augas e , no caso de existir unha servidume de augas, deberá obter previo ó inicio das mesmas a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os

lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 0,60 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e dous euros con vinte e dous céntimos (#62,22#)

2.2.- Instancia num. 1.698/10 de don César Picón López

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar na Rúa Alcalde Francisco Carrillo, emprazada en solo urbano residencial de baixa densidade (U-1) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. Plantas B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts, segundo o proxecto técnico presentado redactado polo arquitecto don Jorge Vales Fernández e outros cun orzamento de 140056,00 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:


1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona; deberán realizar as conexións cos servizos municipais de saneamento e abastecemento, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo depositar aval bancario por importe de dous mil catrocentos trinta e oito euros con trinta e sete céntimos (#2.438,37#) para responder das obras de conexión ás citas redes e para a realización de obras de acondicionamento e urbanización, descritas na memoria presentada. Ademais deberán aportar oficio de coordinador de seguridade e saúde.

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de vías segundo o disposto na documentación presentada ó efecto (45,51 m2).

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil oitocentos un euros con doce céntimos (#2.801,12#)

2.3.- Instancia num. 1.821/10 de dona Delia Carreira González e outros

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicitan licenza para proceder á segregación da parcela 1157 de concentración parcelaria de Sarandón, situada en Ximonde, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de especial protección forestal (R-3), segundo o proxec-



to presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Francisco J. Bellet García

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas , xa ingresadas na tesoureiría municipal, que ascenden á cantidade de cento oitenta (#180,00#) euros

2.4.- Instancia num. 1.835/10 de dona M^a. Concepción Fachal Louzao

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para proceder á parcelación da finca nº 269 da zona de concentración parcelaria de San Xián de Sales, situada en Paradela, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1), solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2) e solo rústico de especial protección forestal (R-3) en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto presentado redactado polo arquitecto don Miguel Arce San Juan.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación solicitada nos termos do proxecto presentado, e aprobar a liquidación das taxas xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros

2.5.- Instancia num. 1.804/10 de don José María Lobato Cabo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para proceder á parcelación e agrupación das parcelas nums. 122-1B e 122-2 de concentración parcelaria de Vilanova, situadas en Outeiro, en solo cualificado no PXOM como rústico de especial protección agropecuaria (R-2) e solo de expansión de núcleo rural (N-2) , de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Santiago Alonso Barral

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación e agrupación solicitada nos termos do proxecto presentado, e aprobar a liquidación das taxas xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros

2.6.- Instancia num. 1.836/10 de dona Consuelo García Devesa

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 615 de concentración parcelaria de San Fins de Sales, situada en Nande, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), de acordo co proxecto presentado redactado polo arquitecto don Miguel Arce San Juan.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación solicitada nos termos do proxecto presentado, e aprobar a liquidación das taxas xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

2.7.- Instancia num. 1.873/10 de dona Susana Raviña Carbia



Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación dunha edificación, de aproximadamente 140 m2 en planta, consistente no cambio do tellado, colocando uralita e tella, situada en Marzán de Abaixo, en solo cualificado no PXOM como de núcleo rural (N-2)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.


Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento seis euros con sesenta céntimos (#106,60#)

2.8.- Instancia num. 1.874/10 de don José Manuel Barco Carril

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, de aproximadamente 45 me en planta, consistente no cambio do tellado, colocando uralita e tella, e máis para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 50 mts de lonxitude, con base de bloques, postes e arama, no lugar de Gatente, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: en canto ás obras de rehabilitación non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; de acordo coa lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e en cumprimento do artigo 3 do Real decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde. Polo que respecta ás obras de cerramento axustaranse ás seguintes condicións: a distancia mínima será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial municipal por ser un vial nivel IV en solo rústico; garantirase o natural discurrir das augas, e no caso, de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da citada lei 9/2002, irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 0,60 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta e cinco euros con trinta e sete céntimos (#65,37#)



2.9.- Licenza de parcelación

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o pasado vinte de xullo concedeulle a don José R. Rico Noya licenza para proceder á agrupación e parcelación de dúas parcelas situadas en Romarís, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, de acordo co proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico agríocla don Javier Bellet García..

En relación coa citada licenza de parcelación, a Xunta de Goberno acorda aceptar a cesión de viais que figura no proxecto de parcelación

3º.- Adxudicación do contrato de servizos consistente na redacción do Plan Especial de Protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla

Con data nove de novembro do ano que andamos, a Xunta de Goberno , en función das puntuacións obtidas polas propostas presentadas en prazo e forma para a adxudicación do contrato de servizos consistente na redacción do *Plan especial de protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla*, financiado pola Secretaría Xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo (90%) e con cargo a recurso propios (10%), acordou requirir a Fermín González Blanco , S.L, licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que presentase a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social , de dispor efectivamente dos medios que se houberse comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato e de ter constituído a garantía definitiva.

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro. - Dado que o citado licitador presentou en prazo a documentación esixida adxudicar o citado contrato de servizos á Fermín González Blanco, S.L cos seguintes extremos:

1.1.- Prezo de adxudicación: 48.273,00 euros máis IVE (8.689,14 euros)

1.2.- Prazo de entrega: cronograma dos traballos axustado a 23 meses

1.3.- Melloras adicionais: estudo detalle da urbanización en zonas especialmente sensibles; deseño da zona do sistema xeral ó pé do Rio Ulla; redacción anexo habitabilidade; acompañamento presencial nos periodos de información pública durante todo o proceso de xestión do expediente e asistencia técnica ó concello durante o proceso de aprobación do Plan especial

Segundo. - Dispor o gasto con cargo á partida 151-227 do orzamento vixente de gastos

Terceiro. - Notificarlle a adxudicación ós licitadores que non resultaron adxudicatarios

Cuarto. - Notificarlle a Fermín González Blanco, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a formalización do contrato dentro dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a documentación.

Quinto. - Publicar a adxudicación definitiva no Perfil do Contratante

Sexto. - Designar como director dos traballos ó arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez.

4º.- Adxudicación do contrato de subministro de formigón, previsto na memoria de Instalación de soportes para colectores de RSU (HM-20 e HM-25) financiado pola Deputación Provincial segundo convenio asinado



A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o nove de novembro do ano que andamos, en función das puntuacións obtidas polas propostas presentadas en prazo e forma para a adxudicación do contrato de subministro do formigón (HM-20 e HM-25), contemplado na memoria Instalación de soportes para colectores de RSU, financiado pola Deputación Provincial (100%) segundo convenio asinado ó efecto, acordou requirir a M.C. Mapoca, S.L, licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presentase a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de ter constituído a garantía definitiva

Dado que a citada empresa a presentou en prazo, a Xunta de Goberno de acordo co establecido no artigo 135.4 da Lei 30/2007, de contratos do sector público , acorda :

Primeiro.-- Adxudicar o citado contrato á empresa M.C. Mapoca, S.L, coas seguintes características:

1º.- Prezo de adxudicación: 53.583,31 euros

2º.- Formigón HM-20: 454 m3. Formigón HM-25: 518 m3

Segundo.- Dispor o gasto con cargo á partida 162-625 do orzamento vixente de gastos

Terceiro.- Notificarlle a adxudicación ós licitadores que non resultaron adxudicatarios

Cuarto.- Notificarlle a M.C. Mapoca, S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citalo para a formalización do contrato dentro dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a documentación.

Quinto.- Publicar a adxudicación definitiva no Perfil do Contratante


5º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación do contrato de subministro de soportes para colectores de RSU financiado pola Deputación Provincial segundo convenio asinado

Dáse conta do expediente tramitado para a adxudicación, mediante procedemento negociado con publicidade, do contrato de subministro de soportes para colectores de RSU financiado pola Deputación Provincial segundo convenio asinado.

En función das puntuacións obtidas polas propostas presentadas : Metal. Lics. Tordera, S.L.U (14,61 puntos); Alqui-Envas, S.L (9,04 puntos) ; Pereira y Sánchez, S.L (6,65 puntos), e K. Ingeniería, Equipamiento y Obras Marítimas, S.L (6,40 puntos), segundo os criterios establecidos na cláusula oitava do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 05/10/2010 e publicado no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com), a Xunta de Goberno de acordo co establecido no artigo 135.2 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, acorda:

Requerir a Metal. Lics. Tordera, S.L.U, licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que no prazo de dez días hábiles presente a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de ter constituído a garantía definitiva.

6º.- Aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares para o alleamento de parcela municipal



Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación do contrato privado que ten por obxecto o alleamento , mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, un único criterio de adxudicación ó prezo máis alto (poxa), do seguinte ben inmueble: Parcela 785-B resultante da parcelación da finca 785 de concentración parcelaria de Vilanova - Merín, de propiedade municipal, cuxas características, estremeiros, aproveitamentos e servidumes son as seguintes:

Situación: A Igrexa (San Cristovo de Merín)

Estremeiros: Norte, con camiño que a separa de Masa Común (784); Sur, con construción e parcela 511 da concentración parcelaria de labradío de Vilanova-Merín; Oeste, con finca matriz resultante da segregación (785-A)

Superficie aproximada: 772 m²

Cargas e gravames: Rexistralmente no constan, se ben na realidade obsérvase sobre da mesma unha edificación máis parte doutra

Valoración Técnica: 21,79 euros/m² (orçamento tipo de licitación 16.821,88 euros)

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado prego

7º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe do Tenente de Alcalde, don Eloy J. Iglesias López, dos meses de maio a agosto. Importe 638,61 auros

Quilometraxe da educadora familiar dona Carmen A. Sabio do mes de outubro. Importe 85,05 euros

Quilometraxe da traballadora social dona Ana M^a. Aldrey do mes de outubro. Importe 20,37 euros

Quilometraxe e axudas de custo das monitoras da ludoteca dos meses de xaneiro a outubro. Importe 583,04 euros

Quilometraxe das auxiliares do servizo de axuda no fogar no mes de outubro. Importe 436,17 euros

Asistencias ós membros da Mesa de Contratación Permanente do concello para a apertura da documentación para a adxudicación dos contratos de redacción do plan especial de protección do núcleo tradicional de Ponte Ulla, subministro de soporte para colectores de RSU e formigón. Importe 150,24 euros

Indemnización e quilometraxe da traballadora dona Vanessa Crespo por asistencia ó X foro de axentes de desenvolvemento rexional. Importe 36,40 euros

Quilometraxe e indemnizacións por asistencia ó curso sobre da lei de contratos do sector público en Ames, organizado pola Deputación Provincial. Importe 127,92 euros



Fondo social (oftamoloxía) da traballadora dona M^a. Teresa Amenal , segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 75,00 euros

Fondo social (odontoloxía) da traballadora dona M^a. Teresa Amenal , segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 391,00 euros

Fondo social (odontoloxía) da traballadora social dona Ana M^a. Aldrey , segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 53,50 euros

Quilometraxe do operario de servizos varios, José I. Munín do mes de outubro. Importe 66,99 euros

Horas extraordinarias da traballadora dona Silvia Couto Rendo do mes de novembro. Importe 350,00 euros

Factura num. 10/2010 de don José Fermín González Blanco do mes de outubro. Importe 2.478,00 euros

Factura num. U140406 de Ricoh España, SLU por mantemento fotocopiadoras da casa do concello e bibliotecas municipais no mes de novembro. Importe 286,09 euros

Factura 29/2010 de Os Quinquilláns - Teatro da Rúa pola actuación Arrier@as, o 13/10/2010 dentro da rede cultural da Deputación. Importe 3.250,00 euros

Factura num. 4320100290002 de Espina y Delfín, S.L, por consumo de auga de abril a xuño de 2010. Importe 117,02 euros

Factura num. 4320100301379 de Espina y Delfín, S.L, por consumo de auga de xullo a setembro de 2010. Importe 32,95 euros


Factura num. 10/186 de Persigal -Persianas Metélicas, S.C por persianas para os vestiarios de San Mamede e casa de Trobe. Importe 1.020,00 euros

Factura num. 2010/000405 de Aguardientes de Galicia, S.A por botellas de licor café para agasallos do centenario das Sociedades de Vedra en Bos Aires. Importe 112,71 euros

Factura num. F-V/480 e F-V/491 de Mucarce Carpinteros, S.L por traballos de carpintería no Museo de Vedra, con cargo á subvención outorgada pola Deputación Provincial. Importe 9.588,41 euros

Factura num. 169 de Pereira y Sánchez, S.L por colocación de reixas e outros no Museo de Vedra, con cargo á subvención outorgada pola Deputación Provincial. Importe 3.643,23 euros

Factura num. 30 6376 de Ulla Oil, S.L por acopio de gasóleo bonificado para a nave de Trobe. Importe 1.035,36 euros



Factura num. 22111220 de A.C. Medín, S.A por pastillas de freno e outros no camión de recollida de lixo. Importe 256,73 euros

Factura num. V/10/0000167 de Incaplas -Ingeniería y Calderería Plástica, S.A subministro de placa de policarbonato. Importe 2.297,46 euros

Factura num. 50 de Grupo Acofide, S.C por prestación servizos ensinanzas no mes de outubro. Importe 412,92 euros

Factura num. 010001355 de Puente Ulla, S.L por subministro de carburantes no mes de outubro. Importe 1.508,49 euros

Factura num. 01041075 de Adif por alugamento da estación de ferrocarril en Santa Cruz. Importe 387,19 euros

Listado de recibos do alumeadado público do mes de setembro. Importe 6.485,77 euros

Factura num. 30 6572 de Ulla Oil, S.L por gasóleo de calefacción para o centro da terceira idade. Importe 680,00 euros

Factura num. VD 11/2010 de Ana Naya García, S.L por servizo de gardería no mes de outubro. Importe 5.540,82 euros

Factura num. 4000616010 da Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A do mes de outubro. Importe 432,76 euros

Factura num. 08/C-03/2010 de Delio Sánchez Tojo por clases de debuxo e pintura en novembro. Importe 236,00 euros

Factura num. 10/359 de Mármoles y Granitos Del Rio por materiais diversos. Importe 114,77 euros

Factura num. A/15 de María Isabel Casal Devesa por pinchos servidos no Museo de Vedra con motivo da exposición sobre do traxe galego. Importe 109,62 euros

Factura num. 10-1270 de Askim Proyectos de Ingeniería, S.L por coordinación de seguridade e saúde da obra de Ampliación da rede de saneamento en O Matelo e A Torre. Importe 1.189,89 euros

Factura num. 10-1271 de Askim Proyectos de Ingeniería, S.L por coordinación de seguridade e saúde da obra de Peche da parcela, adición de porche e acondicionamento de rampla no CEIP de Ortigueira.. Importe 350,63 euros

Factura num. A/923 de Galiza Verde, S.L por xestión e transporte de residuos. Importe 770,81 euros



Facturas num.143 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús de Vigo a Vedra para o traslado da comitiva que viaxou a Bos Aires para os actos do Centenario das Sociedades de Vedra e Bos Aires . Importe 324,00 euros

Factura num. 144 de Viajes Peillet, S.L por viaxe a Ourense, financiada coas achegas dos participantes da Terceira Idade. Importe 324,00 euros

Factura num. 010/15 de Alquimao, S.L por puntais. Importe 9,44 euros

Factura num. 20100138 de Manuel Botana Granja por materiais diversos. Importe 990,37 euros

Factura num. 0002-0078 de Lares pola realización dun programa de contido cultural sobre dos actos do centenario da Sociedade Parroquial de Vedra en Bos Aires importe 1.900,00 euros

Factura num. N10-4402 de Hércules de Ediciones por tomo de Galicia Heráldica para a Biblioteca Municipal. Importe 184,00 euros

Facturas nums. 556/E10, 543/E10, 574/E10, 575/E10, 575/E10, 576/E10, 577/E10, 578/E10 e 579/E10 de Talleres San Fins, S.L por arranxos na maquinaria municipal no mes de outubro. Importe 2.506,84 euros

Factura num. 2122 de Asvetrans, S. Coop. Galega por viaxes de áridos para as obras municipais. Importe 472,00 euros

Factura num. 212 de José Manuel Segade Martínez por traballos no Museo Modesto Paz Camps. Importe 552,24 euros

Facturas nums. 10/316, 10/315, 10/314, 10/317 e 10/318 de Mapoca, S.L por materiais diversos para pista gardería municipal, centro médico, biblioteca , vestiarios do campo de fútbol de San Mamede e Museo. Importe 2.620,05 euros

Factura num. 010/15 de FPV -Pazos y Vieiro, S.L por vestuario para as brigadas. Importe 57,90 euros

Factura num. 2010/3520 de Sogama por tratamento dos r.s.u de Vedra no mes de outubro. Importe 8.040,88 euros

Factura num. 10-01103 de Sapa cont. y serv., S.L por alugamento de colectores Importe 216,00 euros

Factura num. 2090 de Vda. De Parada J. Alvela, S.L por castañas para o magosto da terceira idade. Importe 146,64 euros

Factura num. 18/10 de Juan Guerra Neira por cena con motivo da foliada de cen, dentro dos actos do Centenario das Sociedades de Vedra en Bos Aires. Importe 1.988,28 euros



Factura num. 19/10 de Juan Guerra Neira por sardiñada da terceira idade en Trobe.. Importe 194,40 euros

Factura num. 389/10 de Talleres y Repuestos Barco, S.L por lámpadas e outros para a maquinaria municipal. Importe 38,39 euros

Contribución do concello ó orzamento da Mancomunidade da Comarca de Compostela para o ano 2010. Importe 8.400,00 euros

Factura num. 958 de Socyser por servizo de dúas auxiliares de axuda no fogar en outubro. Importe 3.404,25 euros

Factura num. IR-2010-003482508 de Vodafone España, S.A.U do mes de outubro. Importe 89,68 euros

Factura num. 1CSN101100179258 de Cide Hcenerfía, S.A correspondente ó alumeadado público de Caldelas -Ponte Ulla no mes de novembro. Importe 365,33 euros

Factura num. 195 de Restaurante A Lareira por comida dos participantes na excursión da terceira idade, con cotas dos participantes. Importe 1.530,00 euros

Factura num. P 8.951 de Editorial Compostela, S.A por concerto publicidade. Importe 574,20 euros

Factura num. IR-2010-003181320 de Vodafone do mes de setembro Importe 89,68 euros

Facturas num. 28-K082-271633 de Telefónica Móviles España, S.A do mes de novembro. Importe 855,47 euros

Factura num. 07/C-03/2010 de Delio Sánchez Lojo por clases de pintura e debuxo en outubro. Importe 236,00 euros

Factura num. 08/42 de José María Freiría Suárez por servizo de limpeza en outubro. Importe 3.509,03 euros

Factura num. 2010329 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento alumeadado público en outubro. Importe 2.301,06 euros

Factura num. 5557 do Rexistro da Propiedade de Santiago por certificación de finca de concentración de Vilanova-Merín. Importe 24,76 euros

Factura num. 0091964195 de Siemens Renting S.A por alugamento fotocopiadora de urbanismo no mes de outubro. Importe 558,32 euros

Factura num. 94006822 de Foga por copias realizadas nas fotocopiadoras nos meses de setembro e outubro. Importe 523,32 euros



Factura num. CIO451433715 de Vodafone España, S.A.U do mes de novembro. Importe 32,80 euros

Recibos de Gas Natural S.U.R SDG, S.A do mes de setembro. Importe 1.575,96 euros

Facturas varias por gastos diversos para o servizo de madrugadores. Importe 65,91 euros

Facturas de Telefónica de España, S.A.U do mes de novembro. Importe 1.414,30 euros

Factura de Restaurante Villa Verde por comida co Presidente e técnicos da Deputación Provincial. Importe 216,27 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

8º.- Outros asuntos

8.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida

Dáse conta do escrito num. 1.888/10 no que don José A. Caldelas Rivas, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expón que ten unha porcentaxe de minusvalidez do 60% segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición


A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

8.2.- Contrato de prestación de servizos

A Xunta de Goberno acorda adxudicar o contrato de prestación de servizos consistente na realización dos traballos, entre outros, de solicitar ofertas en prezo kW, coas condicións que máis lle interesen ó cliente segundo o punto de subministro en varias modalidades de contratación; análise dos recargos pro enerxía reactiva e a elaboración de propostas correctivas para eliminar o citado recargo; análise de custos coa posibilidade de economizar en servizos de mantemento do C.T, así como na revisión trianual (BOCA) , ou estudos de eficiencia enerxética homologados e subvencionados; xestión e seguimento das actuacións que teñan que levarse a cabo coas compañías comercializadoras ou a distribuidora da zona para calquera cambio na póliza de subministro, á empresa Valmy Atlántica, S.L, no prezo de 2.000 euros máis IVE

8.3.- Comunicación num. 1.810/10 da Consellería de Industria , Enerxía e Minas

Dáse conta da citada comunicación da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, dando conta da Resolución do 20 de xaneiro de 2010, en virtude da cal e



para dar cumprimento á sentenza do 30/10/2009 recaída no procedemento ordinario 0010872/2007, resolveuse retrotraer o procedemento de selección de instalación de parques eólicos singulares admitidas a trámite ó abeiro da Orde do 17 de decembro de 2004, ó momento inmediatamente anterior ó da constitución da comisión de valoración das solicitudes presentadas ó abeiro da citada orde.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

Conclúe ó fio das vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos

